

Nome _____ Data _____

1 Explica o que é a vexetación.

2 Relaciona as dúas columnas e escribe unha oración con cada parella.

- | | |
|--------------|------------------|
| Bosque • | • Herbas |
| Matogueira • | • Árbores |
| Pradaría • | • Sen vexetación |
| Deserto • | • Arbustos |

- _____
- _____
- _____
- _____

3 Responde as preguntas.

- Como respiran os animais acuáticos?

- Os peixes que viven a gran profundidade emiten luz. Para que o fan?

- Cando deben volver á terra as aves mariñas?

4 Explica onde poñen os ovos os anfibios e os réptiles acuáticos.

- Os anfibios poñen os ovos _____
- Os réptiles poñen os ovos _____

5 Que grupo de vertebrados se encontra na auga doce pero non no mar?

6 Responde as preguntas.

- Como respiran os animais terrestres?

- Que tipos de animais viven baixo a terra?

- Que grupos de animais voan?

7 A vexetación de Galicia é moi variada. A que se debe? Marca a resposta correcta.

- Porque é unha Comunidade moi grande.
- Porque hai unha gran diversidade de terreos, clima e relevo.
- A que as persoas prestan moita atención á vexetación.

8 Di o nome dunha árbore e dun arbusto característicos de Galicia.

9 Di o nome de dous animais de Galicia que estean protexidos.

10 Observa a fotografía e di todo o que saibas sobre este animal e o seu modo de vida.

